

# PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma  
2021-22

**Contenido:**

CONTEXTUALIZACIÓN .....3  
ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO .....3  
ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL .....6  
    HORARIOS ESPELLO DURANTE O ENSINO NON PRESENCIAL ..... 10  
PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN VIRTUAL AO ALUMNADO VULNERABLE ..... 15  
ANEXO I ..... 19  
    MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE INTERVENCIÓN AO ALUMNO VULNERABLE ..... 19  
REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....23

## CONTEXTUALIZACIÓN

O Plan de Continxencia do CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

O presente Plan está elaborado segundo o Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos Centros de Ensino Non Universitario de Galicia para o curso 2021/ 2022, que establece que o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en Educación Infantil, primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo tal e como establece o equipo docente para cada un deles no plan de continxencia.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Na nova versión do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros educativos para o curso 2021-22” de data 1/10/2021, considerarase gromo nun centro educativo a calquera agrupación de 3 ou mais casos con infección activa nos que se establecese un vinculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecten 3 casos ou mais nun centro escolar nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias.

Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal de XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria.

- 1- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena

domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- 2- Diante dun suposto no que unha persoa desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado en base ao Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á Aula Covid, destinada ao efecto ata a recollida por parte dun familiar, avisarase a persoa coordinadora do equipo Covid no centro educativo que contactará coa familia. A aula dispón de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico, termómetro e papeleira con tapa de pedal (será a mesma aula utilizada o curso pasado).
  - En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo deberá porse en contacto coa CSC e rexistrar os contactos a través da aplicación "EduCovid".
  - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.
- 3- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- 4- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

5- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Central de seguimento e control (CSC) e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade.

6- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de sanidade, segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da Central de Seguimento de Contactos para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-1 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

7- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso

2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19.

8- Finalizado o período de illamento/corentena das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

- O mesmo día do peche, a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e/o publicará unha nova na web do centro (segundo sexa necesario).

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- A) Nos cursos de **EDUCACIÓN INFANTIL e 1º, 2º de EDUCACIÓN PRIMARIA** utilizaremos con carácter xeral a plataforma Abalar Móbil para o contacto familia-escola e, no caso de familias que non dispoñan de dita plataforma o correo electrónico ou o teléfono.

Por outro lado, o equipo de infantil e os niveis de 1º e 2º de primaria teñen en funcionamento na páxina WEB os seus apartados e algúns teñen blogs no que se publican diferentes actividades e que se utilizaría tamén no caso de ter que volver a educación non presencial.

Por outra banda, na aula virtual do centro existe xa un espazo para educación Infantil e tamén para os primeiros niveis de primaria que tamén poden utilizar.

No caso de suspensión da actividade presencial, ademais do contacto coas familias a través das plataformas mencionadas anteriormente, as mestras organizarán sesións a través de Cisco-Webex para manter un contacto co alumnado dun xeito máis directo. A periodicidade e o momento valorarase en función das necesidades.

As familias que non poidan ter acceso a nada virtual, tentarase buscar a solución de facilitarlles traballo coa periodicidade a determinar xa dende o centro facilitándolles impreso o traballo semanal ou a través do programa do Concello (se o houberse tal como no confinamento anterior). Durante os primeiros días do curso realizarase un rexistro das necesidades das familias a nivel informático e de conexión para intentar solventalas de cara a estar preparadas no caso de confinamento.

B) Nos cursos **3º e 4º DE PRIMARIA** o profesorado poderá utilizar chegado o caso, ademais do aula virtual outras aplicacións ou blogs que faciliten ao alumnado a súa tarefa de aprendizaxe.

C) O alumnado de **5º e 6º DE PRIMARIA** empregará o entorno Edixgal, xa que cada alumno/a terá cargados no seu PC todos os contidos necesarios para seguir o seu proceso de aprendizaxe, sen esquecer as videoconferencias que os distintos mestres consideren necesarias para reforzar estas aprendizaxes.

- Cada profesor titor/a especialista contactará periodicamente coas familias para coñecer a súa situación física e emocional e para continuar co proceso formativo a distancia. Estes contactos faranse preferentemente a través de videoconferencia. Tamén se pode empregar abalarmóbil, teléfono, videochamada ou correo electrónico.

- O titor/a informará aos pais/nais/titores legais das normas establecidas polo centro para a modalidade de ensino a distancia, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos e das súas consecuencias no proceso de avaliación.

- Garantirase a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos que respondan ás súas necesidades.

- O mesmo día do peche ou corentena do centro, solicitaranse ao equipo directivo os recursos tecnolóxicos para cubrir as necesidades do alumnado que non dispón de dispositivos. En caso de non dispoñer deles, o equipo directivo trasladará urxentemente as necesidades que queden sen cubrir á Inspección Educativa. Unha

vez superada a situación de confinamento ou peche, deberanse recompilar todos os equipos cedidos nun prazo máximo de 3 días.

- Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado se atope de baixa será o equipo docente (nivel, ciclo...) co apoio do coordinador TIC/eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou alta do docente.

- A docencia telemática realizarase de maneira similar á presencial respectando os períodos lectivos e de descanso (recreos).

- O profesorado de cada área/materia e o alumnado conectarase á hora establecida no horario.

- Para facilitar a conexión do alumnado os tutores/as planificarán as reunións virtuais a través de webex de xeito semanal (de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00). O enlace a estas reunións subirase á aula virtual de cada grupo/plataforma Edixgal e a través de ahí accederán alumnado e profesorado.

- O profesorado titor abrirá a sala e asignará aos especialistas que interveñen no seu grupo a función de coorganizadores para que poidan levar a cabo a docencia telemática.

- A sesión permanecerá aberta durante todo o horario lectivo, co fin de facilitar a conexión ao alumnado. O titor/a pode saír da sesión cando está a impartir docencia un especialista pero non finalizala, para evitar que o grupo perda a conexión.

- Cada titor/especialista enviará ao final de cada semana a relación das actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, segundo a plantilla que se xunta (anexo I), á Xefatura de estudos a través do correo electrónico do centro.

### **DESENVOLVEMENTO DAS CLASE (3º/4º/5º e 6º de primaria)**

A) Aproximadamente o **60%** da carga lectiva desenvolverase a través da aplicación de videoconferencia facilitada pola Consellería de Educación. Durante estas clases o profesorado poderá realizar as seguintes actividades, para garantir o avance nas distintas programacións didácticas:

- Explicación dos contidos incluídos nas programacións das distintas áreas.
- Realización de actividades/exercicios para constatar a adquisición dos contidos explicados.
- Resolución de dúbidas presentadas polo alumnado.



- Explicación daquelas tarefas, que unha vez corrixidas nos diferentes espazos virtuais, demostraran unha maior dificultade para o alumnado.
- As conexións deben realizarse sempre uns minutos antes do inicio da sesión, de xeito que o inicio da mesma todo o mundo estea xa conectado. As claves sempre serán as mesmas para cada materia/profesor ou profesora, de xeito que sexa máis doada a conexión.

## B) Traballo individual do alumnado

O **40%** restante, destinarase ao traballo individual do alumnado, e desenvolverase nas distintas aulas virtuais, realizando as actividades que os seus mestres/as consideren necesarios para a adquisición dos contidos explicados.

No caso de 5º e 6º o traballo se realizará preferentemente a través do entorno Edixgal no que o alumnado se desenvolve de maneira habitual cos libros de texto das diferentes editoriais escollidos e descargados nos seus ordenadores.

## CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades realizadas polo alumnado corrixiranse, principalmente, a través da aula virtual e o entorno Edixgal nos cursos de 5º e 6º. No caso de presentar algunha dificultade especial, nas clases telemáticas.

## AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Para avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- Conexión ás clases telemáticas.
- Presentación das distintas tarefas, propostas polo profesorado, en tempo e o máis correctas posibles.
- Superación das probas de avaliación (Tests, cuestionarios, traballos escritos,...).

Os horarios de aula serán comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informando ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro.

Do mesmo xeito, haberá u horario de **titoría para familias de 16:00 a 17:00** horas todos os **luns** da semana. As titorías realizaranse por petición das familias o do mestre/a correspondente utilizando os medios máis axeitados, chamada telefónica, videoconferencia...

A continuación do horario de titorías, o profesorado seguirá co calendario de **reunións** establecido, tendo en conta as posibles modificacións do mesmo segundo a situación na que nos atopemos.

Polo tanto, o proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia seguirá as mesmas normas que as establecidas para o ensino presencial:

- Impartiranse os contidos da materia de xeito virtual
- Realizarase o control diario de asistencia
- Rexistrarase a participación e aproveitamento das clases por parte do alumnado que será tido en conta no proceso de avaliación segundo cada equipo docente ten establecido na súa programación didáctica...
- As tarefas para o alumnado semellaranse o máis posible ao sistema presencial a fin de que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible.

### **HORARIOS ESPELLO DURANTE O ENSINO NON PRESENCIAL**

<b>CURSO 2021/22 3ºA TELEMÁTICO</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	LENGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA	INGLÉS	LENGUA
<b>9:50-10:40</b>	VALORES	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICA S	LINGUA
<b>10:40-11:30</b>	LINGUA	LINGUA	INGLÉS	MATEMÁTICA S	MÚSICA
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:50-12:20</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:20-13:10</b>	SOCIAIS	SOCIAIS	E.FÍSICA	LINGUA	NATURAIS
<b>13:10-14:00</b>	E.FÍSICA	INGLÉS	NATURAIS	SOCIAIS	PLÁSTICA

<b>CURSO 2021/22 3ºB TELEMÁTICO</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	E.FÍSICA	MATEMÁTICA	PLÁSTICA	VALORES	NATURAIS
<b>9:50-10:40</b>	LENGUA	NATURAIS	LENGUA	MATEMÁTICA S	INGLÉS
<b>10:40-11:30</b>	MATEMÁTICA	LENGUA	MATEMÁTICA S	LINGUA	LENGUA
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:50-12:20</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:20-13:10</b>	INGLÉS	MÚSICA	LINGUA	SOCIAIS	LINGUA
<b>13:10-14:00</b>	SOCIAIS	LINGUA	INGLÉS	E.FÍSICA	SOCIAIS

<b>HORARIO ESPELLO 4ºA 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	E. FÍSICA	L. CASTELÁ
<b>9:50-10:40</b>	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	INGLÉS
<b>10:40-11:30</b>	MÚSICA	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L. GALEGA	L. CASTELÁ
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:50-12:20</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:20-13:10</b>	C.NATURAIS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	VALORES	C. SOCIAIS
<b>13:10-14:00</b>	C.NATURAIS	E. FÍSICA	L. CASTELÁ	PLÁSTICA	C. SOCIAIS

<b>HORARIO ESPELLO 4ºB 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	MATEMÁTICAS	VALORES	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	L. CASTELÁ
<b>9:50-10:40</b>	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	INGLÉS	L. GALEGA	E. FÍSICA
<b>10:40-11:30</b>	INGLÉS	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. CASTELÁ
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:50-12:20</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:20-13:10</b>	L. CASTELÁ	C. SOCIAIS	C.NATURAIS	PLÁSTICA	C.NATURAIS
<b>13:10-14:00</b>	L.CASTELÁ	C. SOCIAIS	E. FÍSICA	MATEMÁTICAS	MÚSICA

<b>HORARIO ESPELLO 5ºA 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	L. GALEGA	E. FÍSICA	CC. SOCIAIS	MATE.	INGLÉS
<b>9:50-10:40</b>	MATE.	CC.NATURAIS	L. CASTELÁ	E. PLÁSTICA	L. CASTELÁ
<b>10:40-11:30</b>	RELIXIÓN/ VALORES	L. GALEGA	MÚSICA	CC. NATURAIS	CC. SOCIAIS
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:30-12:00</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:00-13:10</b>	INGLÉS	MATE.	MATE.	L. GALEGA	E. FÍSICA
<b>13:10-14:00</b>	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. GALEGA	INGLÉS	MATE.

<b>HORARIO ESPELLO 5ºB 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	MATE.	L. GALEGA	E. FÍSICA	MATE.	E. FÍSICA
<b>9:50-10:40</b>	MATE.	L. GALEGA	L. CASTELÁ	RELIXIÓN/ VALORES	MATE.
<b>10:40-11:30</b>	L. CASTELÁ	INGLÉS	MATE.	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:30-12:00</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:00-13:10</b>	MÚSICA	C. SOCIAIS	E. PLÁSTICA	C.NATURAIS	INGLÉS
<b>13:10-14:00</b>	INGLÉS	C. NATURAIS	C. SOCIAIS	L. GALEGA	L. GALEGA

<b>HORARIO ESPELLO 6ºA 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	L. GALEGA	MATE.	MÚSICA	L. GALEGA	L. CASTELÁ
<b>9:50-10:40</b>	INGLÉS	E. FÍSICA	L. CASTELÁ	MATE.	CC. SOCIAIS
<b>10:40-11:30</b>	CC.NATURAIS	L. GALEGA	MATE.	RELIXIÓN/ VALORES	E. PLÁSTICA
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:30-12:00</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:00-13:10</b>	MATE.	FRANCÉS	CC. SOCIAIS	INGLÉS	MATE.
<b>13:10-14:00</b>	CC. SOCIAIS	L. CASTELÁ	INGLÉS	CC.NATURAIS	E. FÍSICA

<b>HORARIO ESPELLO 6ºB 2021/22</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:00 - 9:50</b>	MATE.	MATE.	INGLÉS	MATE.	RELIXIÓN/ VALORES
<b>9:50-10:40</b>	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	MATE.	L. CASTELÁ	MATE.
<b>10:40-11:30</b>	CC. SOCIAIS	MÚSICA	CC. SOCIAIS	FRANCÉS	INGLÉS
<b>11:30-11:50</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>	<b>Lectura</b>
<b>11:30-12:00</b>	<b>D</b>	<b>ES</b>	<b>CAN</b>	<b>S</b>	<b>O</b>
<b>12:00-13:10</b>	E. FÍSICA	INGLÉS	L. GALEGA	E. FÍSICA	L. GALEGA
<b>13:10-14:00</b>	CC.NATURAIS	L. GALEGA	E. PLÁSTICA	CC.NATURAIS	CC. SOCIAIS

# **PLAN INDIVIDUALIZADO DE ATENCIÓN VIRTUAL AO ALUMNADO VULNERABLE**

## **1.- BASES LEXISLATIVAS:**

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## **2.-OBXECTIVO:**

Facilitar ó alumnado con NEAE unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e recursos necesarios para levalo a cabo en situación de ensino virtual

## **3.-DESTINATARIOS**

ANEAE que presenten:

- Retraso madurativo
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación
- Trastornos da atención ou de aprendizaxe
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Condicións persoais ou de historia escolar

#### **4.- FUNCIONES DOS DIFERENTES PROFESIONAIS:**

**4.1- DIRECCIÓN DO CENTRO (a través da Xefatura de estudos):** deseño e coordinación do Plan específico de actuación.

#### **4.2- EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS (EOE):**

Coordinación coas xefaturas dos departamentos de orientación no asesoramento á comunidade educativa.

- A colaboración para a avaliación e a intervención seguirase levando de forma telemática ou telefonicamente, recollendo toda a información que sexa necesaria para o desenvolvemento das tarefas.
- Elaboración, se é procedente, de materiais de apoio, guías informativas, entre outras, sobre a forma de desenvolver os procesos de ensino e de aprendizaxe en liña, para o seu traslado aos Departamentos de Orientación das respectivas provincias.

#### **4.3- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

As xefatura do departamento de orientación será a responsables de coordinar as actuacións do departamento:

- Comprobación, xunto co profesorado titor e os equipos docentes, das situacións de especial dificultade do alumnado, asesorando sobre medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e, no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das adaptacións curriculares.
- Revisión, xunto co profesorado, do desenvolvemento e avaliación dos diferentes plans e programas.
- Asesoramento ao equipo directivo e ao equipo docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa.
- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar.



- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Teranse en conta os diferentes protocolos educativos de atención á diversidade.
- Adaptación ao horario de atención do alumnado das intervencións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, de xeito conxunto e coordinado co horario do profesorado.
- Coordinación do apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios, e ser o caso.
- Coordinación da intervención educativa do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe co alumnado ao que viña prestando apoio.
- Seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Orientación nos cambios metodolóxicos derivados do confinamento e do ensino virtual.
- Identificación de posibles situacións de estigmatización do alumnado e o persoal que puidese ter estado exposto á COVID-19, de cara a evitar estas situacións.
- Apoio, de ser o caso, na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema.

#### **4.4.- PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E DE AUDICIÓN E LINGUAXE.**

- Coordinación co profesorado titor e co profesorado especialista na atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, para o cal establecerán un horario específico.
- Apoio directo de xeito telemático, telefónico ou calquera outro medio de comunicación co alumnado ao que estaba prestando apoio.
- Elaboración dun horario de atención ao alumnado que permita o uso dunha ferramenta de videoconferencias común e dividida por grupos e salas, ao mesmo tempo que o profesorado da área ou materia.

#### **4.-5.- PROFESORADO DAS DIFERENTES ÁREAS OU MATERIAS E PROFESORADO**

##### **TITOR**

O profesorado poñerá o acento nos contidos nucleares do currículo, centrándose nos aspectos de carácter máis instrumental, deseñando actividades de metaaprendizaxe, facilitando instrucións moi claras, dando pistas para que o alumnado busque información para realizar as tarefas, proporcionando recursos para que se autocorrixan, facilitando estratexias para a meta-avaliación, etc.

- Definición das tarefas e a súa temporalidade facilitando a anticipación das mesmas e tendo en conta a diversidade do alumnado.
- Fomento do contacto diario do alumnado vulnerable co grupo de iguais para facilitar a participación plena e efectiva, e de cara á mellora do seu benestar psicosocial e emocional.

O profesorado de reforzo ARCO e PROA+ deberá colaborar para favorecer o acceso ao currículo a través dos medios dixitais, continuando coa súa función de apoio e reforzo e en coordinación coa persoa titora e outros docentes para evitar a sobrecarga de traballo.

Contará co correspondente horario de atención garantindo o dereito do alumnado e o da súa familia á desconexión.

#### **4.6.-ATE (auxiliar técnico educativo)**

Participarán na súa atención de forma telemática e elaborando pautas no apoio ás familias, centradas na autonomía persoal e benestar durante o período de confinamento, illamento ou corentena.

#### **4.7.- OUTROS PROFESIONAIS**

- Cando o alumnado contase co apoio de Intérprete de Lingua de Signos ou outros profesionais de apoio, establecerase, un horario de atención que permita o uso dunha ferramenta de videoconferencias común, ao mesmo tempo que o profesorado da área ou materia.
- No caso de persoal que atende ao alumnado no marco de convenios de colaboración, facilitarase que se manteña esta atención por vía telemática ou mediante medios dixitais.

## ANEXO I

### MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE INTERVENCIÓN AO ALUMNO VULNERABLE

Realizarase de xeito individualizado, atendendo ás necesidades do alumnado vulnerable, cunha temporalización mínima de 14 días.

<b>Alumno</b>		<b>Nivel-grupo</b>	
<b>Profesorado implicado</b>			
<b>Pedagogía Terapéutica</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON Sesións: Horario espello:		
<b>Audición e linguaxe</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON Sesións: Horario espello:		
<b>ATE</b>	<b>Funcións:</b>		
<b>Intérprete</b>	<b>Funcións</b>		
<b>NEAE</b>	<input type="checkbox"/> Atraso madurativo <input type="checkbox"/> Trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación <input type="checkbox"/> Trastornos da atención ou de aprendizaxe. <input type="checkbox"/> Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe		



<b>CONEXIÓN CO GRUPO AULA PT E AL CANDO CORRESPONDA</b>	
<b>RECURSOS GARANTIZARASE O ENSINO VIRTUAL</b>	- - -
<b>ACTIVIDADES</b>	- - -
<b>METODOLOXÍA</b>	- - -
<b>MATERIAIS</b>	- - -
<b>AVALIACIÓN</b>	Indicadores  Instrumentos  Procedementos

O titor/a :

**Este Plan debe ser completado polo profesor titor e especialista en coordinación co departamento de orientación.**

Garantizarase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán **dos recursos organizativos e didácticos necesarios** que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás ACS e a os protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado titor e especialista do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo con apoio individualizado ou a pequeno grupo por parte de PT e AL.

Por todo isto compre dentro do **plan de intervención elaborado polos especialistas de PT e AL** e se inclúan as medidas de atención por alumno para actuar en caso de confinamento onde se teñan en conta as características persoais do alumnado que se reflicten nos informes psicopedagóxicos correspondentes.

Como medida básica os titores coñeceran os medios dos que dispoñe o alumnado para a comunicación dixital e posibilidade de ser utilizado polo alumno segundo as súas características.

Os e as Especialistas de PT e AL no caso de que se de a circunstancia do alumnado en casa, deberán colaborar para favorecer o acceso ao currículo a través dos medios dixitais, coa guía e o apoio dos e as Titores e o asesoramento do servizo de Orientación. Todos colaborarán co profesorado titor no reto de seguir facilitando o desenvolvemento das competencias do alumnado. O feito que deba facerse a través dos medios dixitais dispoñibles esixe que esa colaboración sexa máis estreita e creativa, pero sempre no ámbito das competencias que legalmente teñen asignadas cada un e cada unha dos profesionais realizando unha repartición de tarefas (tendo en conta as competencias de cada profesional) que asegure que o alumnado implicado dispoña dun horario de traballo acordado, de pautas para organizalo, de pausas activas igualmente ordenadas e do mantemento do contacto a través do teléfono, vídeo-chamadas, correo electrónico... Todo iso en función da intensidade de supervisión necesaria que se precise.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contados dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

A maiores dificultades maior necesidade de apoio como así foi establecido nos horarios presenciais e maior necesidade dunha supervisión continuada.

Deben participar todos os profesionais implicados co alumno/a.

A orientadora do centro educativo, **no horario establecido pola dirección do centro**, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a

atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado.

Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de titoría para alumnado, e unha sesión de titoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias en colaboración se así o demanda a xefa do departamento de orientación.

### **REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.